

O VIÑO

Xa os romanos denominaron ós viños da Ribeira Sacra “o ouro líquido do Sil” e fixéronos merecentes de gran sona ó longo do seu imperio. Posteriormente, os mosteiros da Rivoyra Sacrata potenciaron decisivamente o seu comercio terrestre e fluvial

Na **Denominación de Orixe dos Viños da Ribeira Sacra** diferéncianse as seguintes cinco subzonas: Chantada, Quiroga, Ribeiras do Miño, Amandi e Ribeira do Sil-Ourense. Pola súa banda, algunhas terras das zonas mais orientais como é o caso de Larouco pertencen a denominación de orixe da veciña comarca de Valdeorras. Case o 90% dos viños responden a variedades de tinto como a **Señorial Mencía** ou a **Garnacha**, mentres que as principais variedades de branco son o **Albariño** e o **Godello**. As súas características son as de un viño moi aromático e de excelente e fresco paladar.



VI XORNADA DE ANDAINA

CANÓN DO SIL

“OS BALCÓNS DO GEO”

RUTA: VILOUXE-SANTA CRISTINA-SAN VITOR-SACARDEBOIS

... fixeras a vendima e, anque pouco e de uvas apestadas, fervía xa o mosto nas bodegas, maduro millo segaban os labradores nas súas veigas e, nos soutos, gardando os rapaces as castañas, apañaban os degaros que aquí e acolá caían dos ourizos

Marcial Valladares “Maxina ou a filla espúrea”

Organiza:

ASOCIACIÓN DEPORTIVO-CULTURAL

VÍA AURIA



DATA: 30 DE NOVEMBRO DE 2002

NOTAS: _____

CONCELLO: Parada do Sil

SITUACIÓN: Marxe esquerda do río Sil

SUPERFICIE-ESPACIO NATURAL:16000 Ha

POBOACIÓN: 896 habitantes

PARROQUIAS: A Hedrada (Santiago) , As Paradellas (Santa María) , Caxide (Santa Cristina) , Chandrexa (Santa María), Forcas (San Mamede), Parada de Sil (Santa Mariña , Pradomao (San Xiao) , Sacardebois (San Martiño) , San Lourenzo de Barxacova (San Lourenzo).

Os balcóns do ceo

Elena Peaguda

Nin o exquisito románico desta Tebaida galega é quen de eclipsa-la festa orxiástica que nos envolve en arrecendo de magosto, morogos e viño novo, conducíndonos polos carriozos¹ ata fragas repletas de bosque autóctono, tapizadas, neste tempo coas cores de outono e pataos² que desafían a vertixe da máis fermosa falla tectónica do sul de Europa: O Canón do Sil.



Abondan as pegadas de ocupación humana dende o paleolítico achelense pero será o medievo o que marque profundamente a historia desta zona, cunha intensa actividade monástica, representada en numerosos cenobios que van xurdindo ó longo das vertentes do curso do río Sil e que dará lugar á Ribeira Sacra.

¹ corredoiras

² bancais

A castaña

Ata hai pouco, a castaña secábase nos mesmos soutos onde se recolectaban, en sequeiros de pedra como o da fotografía e que podemos contemplar neste percorrido polas ladeiras do Canón. Unha vez que a castaña pasaba a ser pilonga, os propietarios baixaban cos burros para carretalas.



Base da alimentación en Galicia ata ben entrado o século XVIII, amosa nesta zona certas particularidades relacionadas co seu consumo: “bellotes” (asadas), “burgazos” (cocidas e mesturadas con leite frío ou con chourizo ceboleiro).

Aparte da castaña, a madeira da árbore está moi presente na arquitectura tradicional. Así observamos en varias das poblacións que visitaremos (San Vitor, Rabacallos) que se aplicou á fabricación de mobles, apeiros de labranza, vigas das casas, portas, fiestras, cancelos, cercados, cestos e mesmo tabiques.

O monacato



Id, vended todo lo que poseéis y dadlo a los pobres; y venid, seguidme (Lc 12,33; Mt 19,21)

Quien estimare al padre o a la madre, a la mujer, a los hijos, o a todos los que pasan con el mundo, más que a mí, no es digno de mí (Mt 10,27; Lc 14,25)

Quien no aborrece a su vida por mi causa, no es digno de mí; y: Quien perdiere la vida por mí, la encontrará en la vida eterna (Jn 12,25; Mt 10, 39; Lc 9,24).